

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE FISTERRA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, representada neste acto polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco Gutiérrez, nomeado mediante o Decreto 119/2025, do 29 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23.11.2015).

Polo Concello de Fisterra, representado neste acto polo seu alcalde, Luis Manuel Insua Lago, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Todas as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN:

Primeiro. A Consellería do Medio Rural no ano 2025 (con vixencia para os anos 2025 e 2026) subscribiu convenios de colaboración coas entidades locais de Galicia cuxos principais obxectivos son:

A cooperación en actuacións preventivas contra incendios forestais mediante a xestión da biomasa vexetal coa aplicación de tratamentos silvícolas nas áreas forestais e de influencia forestal co fin de diminuír a carga de combustible e crear discontinuidades horizontais e verticais para que se consigan modelos de combustibles nos que o lume, en caso de producirse, avance con mais lentitude, menor intensidade e con chamas de menor lonxitude e actuacións de vixilancia e extinción, de acordo cos principios de intervención rápida, acción de conxunto e concentración de esforzos, integrando no dispositivo contra incendios forestais medios e recursos (motobombas e brigadas) das entidades locais.

Para a tramitación destes convenios a Dirección Xeral de Defensa do Monte estableceu contactos con todos os concellos e mancomunidades de Galicia mediante o envío dunha comunicación a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal na que se lles invitou a participar no desenvolvemento das accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026. Aquelas que a confirmaron en prazo foron seleccionadas para a sinatura destes convenios segundo os seguintes criterios de operacións vixentes para a subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027.

O convenio foi autorizado polo Consello da Xunta na sesión do 14.04.2025, na que se aprobou o modelo tipo para a súa sinatura con 261 entidades locais. Non obstante, a sinatura definitiva formalizouse con 260 concellos, ao ter renunciado o Concello de Quintela de Leirado á solicitude de colaboración presentada con anterioridade á sinatura do convenio.

O Concello de Fisterra asinou o convenio de desenvolvemento do convenio tipo o día 02.05.2025 e incluía a actuación de tratamentos preventivos de xeito mecanizado con 4 ha en cada anualidade.

Segundo. Posteriormente, o 17.09.2025, foi asinada a primeira addenda ao convenio específico do concello de Fisterra que tivo por obxecto a modificación da cláusula décimo sexta para a ampliación do prazo de xustificación dos tratamentos preventivos de xeito mecanizado para a anualidade 2025.

Terceiro. O concello de Fisterra, con data 10.02.2026 solicitou a través da sede electrónica o incremento da superficie de tratamentos preventivos mecanizados para o ano 2026, pasando das 4 ha contempladas no convenio a 19,86 ha.

Cuarto. A presente addenda ten por obxecto actualizar e ampliar as actuacións preventivas solicitadas polo Concello de Fisterra para o exercicio 2026. Está xustificada por razóns de interese público, eficacia preventiva e mellora da cobertura territorial, en base ás seguintes consideracións:

1. A colaboración coas entidades locais permite incrementar a capacidade de prevención de incendios así como a operatividade no territorio para a defensa contra os lumes mediante actuacións coherentes co obxecto do convenio. Trátase dun axuste de planificación que incrementa a eficacia preventiva e contribúe á protección de persoas, bens e valores ambientais.

2. Todas as actuacións solicitadas constitúen unha tipoloxía de actuación xa definida e prevista no propio convenio, polo que a modificación proposta non introduce unha categoría nova senón que axusta o cadro de actuacións e superficies en función das necesidades manifestadas.

Quinto. A modificación proposta non altera a data de finalización da vixencia do convenio e tramítase ao abeiro da cláusula vixésimo sétima, relativa á modificación e extinción, que prevé a formalización mediante addenda cando concorran razóns xustificadas. A vixencia do convenio ata o 31.12.2026 permite incorporar estes axustes de planificación sen modificar o período de efectos nin a finalidade pública da colaboración.

Polo exposto, as partes acordan asinar esta addenda, que ten por obxecto ampliar, para a anualidade 2026, as actuacións preventivas no Concello de Fisterra, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Modificación da cláusula primeira

Modifícase a cláusula primeira, que queda redactada como segue:

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de participación e de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de FISTERRA, para o desenvolvemento das accións seguintes de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025/26, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos que se inclúen neste convenio:

Actuacións anualidade 2025				
Actuación		Número	Duración	Superficie
a)	Vehículo Motobomba	0		
b)	Labores de vixilancia e defensa			
	b.1) brigada de 5 compoñentes	0		
	b.2) brigada de 4 compoñentes	0		
c)	Labores de prevención de xeito manual	0		
d)	Tratamentos preventivos de xeito mecanizado			4,00 ha

Actuacións para o ano 2026 despois da segunda addenda				
Actuación		Número	Duración	Superficie
a)	Vehículo Motobomba	0		
b)	Labores de vixilancia e defensa			
	b.1) brigada de 5 compoñentes	0		
	b.2) brigada de 4 compoñentes	0		
c)	Labores de prevención de xeito manual	0		
d)	Tratamentos preventivos de xeito mecanizado			19,86 ha

SEGUNDA. Modificación da cláusula segunda, punto 1

Modifícase a cláusula segunda, punto 1, que queda redactada como segue:

1. A Consellería do Medio Rural financiará, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025/26, cofinanciada parcialmente polo Feader no marco PEPAC 2023-2027, as actuacións coas contías seguintes:

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS					
Tipo de actuación	Importe máximo da axuda ano 2025	Importe máximo da axuda ano 2026	Importe máximo total da axuda anos 2025-2026	Proxecto contable	Tipo de fondos
a) Vehículo motobomba	0,00	0,00	0,00	2011 00771	Fondos propios da Comunidade Autónoma
b) Labores de vixilancia e defensa	0,00	0,00	0,00	2011 00771	Fondos propios da Comunidade Autónoma
TOTAL ACTUACIÓNS EXTINCIÓN	0,00	0,00	0,00	2011 00771	Fondos propios da Comunidade Autónoma
ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS					
Tipo de actuación	Importe máximo da axuda ano 2025	Importe máximo da axuda ano 2026	Importe máximo total da axuda anos 2025-2026	Proxecto contable	Tipo de fondos
c) Labores de prevención de xeito manual	0,00	0,00	0,00	2025 00134	Fondos Feader +Cofinanciamento
d) Tratamentos preventivos de xeito mecanizado	1.400,00	6.951,00	8.351,00	2025 00134	Fondos Feader +Cofinanciamento
TOTAL ACTUACIÓNS PREVENCIÓN	1.400,00	6.951,00	8.351,00	2025 00134	Fondos Feader +Cofinanciamento
TOTAL ACTUACIÓNS EXTINCIÓN E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS	1.400,00	6.951,00	8.351,00		

TERCEIRA. Modificación da cláusula décimo terceira, punto 1

Modifícase a cláusula décimo terceira, punto 1, que queda redactada como segue:

1. Tratamentos preventivos de xeito mecanizado: son gastos subvencionables os derivados da execución de actuacións mediante roza mecanizada de acordo coa seguinte descrición:

DESCRICIÓN	CUSTO UNITARIO	% DA AXUDA	CUSTO UNITARIO SUBVENCIONADO
Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%.	469,92 €/ha	74,48%	350,00 €/ha

A contía da axuda será o resultado de multiplicar o custo unitario subvencionado de cada hectárea rozada polo número de hectáreas rozadas certificadas no informe final de execución do distrito forestal cun máximo de 4 hectáreas para o ano 2025 e 19,86 hectáreas para o ano 2026.

CUARTA. Publicidade

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

QUINTA. Contido non modificado do convenio

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o establecido no convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan esta addenda, no lugar sinalado no encabezamento

A conselleira do Medio Rural
P.D. Orden del 17.11.2015 (DOG núm. 223 do 23.11.2015)
O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Francisco Gutiérrez

O alcalde do Concello de Fisterra
Luis Manuel Insua Lago